

INSTRUCCIÓN INFORMATIVA SOBRE O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA ENTIDADES LOCAIS, RESPECTO DO PROGRAMA I RELATIVO Á CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS NO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 - 2027 (Procedemento TR350E)

Esta instrución é de aplicación á seguinte Orde: [ORDE do 22 de maio de 2026](#), pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR350E e TR349Z).

Co fin de unificar os criterios interpretativos e de facilitar e axilizar a xestión do **procedemento de selección para as entidades locais beneficiarias das axudas**, dítanse as seguintes

INSTRUCCIÓNS:

Prégase ás entidades locais beneficiarias a lectura detida destas instrucións. Poderán ampliar información no Servizo de Programas de Cooperación da Subdirección Xeral de Emprego:

Email: programascooperacion.sxe@xunta.gal

Teléfonos:

981 545 604 / 981 957 739 / 981 957 737 / 981 544 714 / 981 544 612

PRIMEIRA.- REQUISITOS DAS PERSOAS A SELECCIONAR

De acordo co previsto no artigo 29 das correspondentes bases reguladoras, as persoas traballadoras que sexan contratadas para a realización dos servizos polos que se outorgue a subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

A) Ter feitos os dezaioito anos e non superar os vinte e nove anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil.

B) Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.



C) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

D) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data da selección e á da sinatura do contrato.

E) Non poderán ser contratadas as persoas traballadoras que fosen contratadas por un período igual ou superior a 180 días ao abeiro das axudas da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración do ano 2025 para programas de cooperación con entidades sen ánimo de lucro (procedemento TR352A) e para programas de cooperación de garantía xuvenil con entidades locais e organismos intermedios sen ánimo de lucro (procedementos TR350E e TR349Z).

Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de contratos vinculados a programas de políticas activas de emprego (código 405).

Cada contrato terá unha duración mínima de nove meses e unha xornada laboral do 100%, e será ese o período máximo subvencionable por cada contrato.

Cómpre ter en conta que, de acordo co mesmo artigo, **será a entidade local beneficiaria da subvención a responsable de comprobar**, que as persoas seleccionadas cumpren os anteriores requisitos.

NOTA: Pódese sondar o número de persoas demandantes de emprego nas diferentes ocupacións do CNO na comarca de interese ou nas próximas, a través da seguinte ligazón que permite filtrar a busca e centrarse en demandantes beneficiarios de garantía xuvenil:

<http://emprego.xunta.gal/portal/gl/buscador-ocupacions.html>

Pódese consultar a páxina de garantía xuvenil na seguinte ligazón:

<https://www.sepe.es/HomeSepe/es/encontrar-trabajo/Garantia-Juvenil.html>

SEGUNDA.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A entidade local beneficiaria deberá solicitar as persoas demandantes non ocupadas mediante a presentación dunha oferta de emprego específica nunha oficina de emprego da Xunta de Galicia.



As ofertas de emprego terán en conta os criterios de prioridade e ordenación de persoas candidatas establecidas na convocatoria e tramitaranse da seguinte maneira:

1º. A entidade local beneficiaria, coa suficiente antelación (con carácter xeral, 15 días hábiles antes da data prevista de contratación), presentará a oferta de emprego, **xunto coa correspondente resolución de concesión da subvención.**

2º. A presentación poderá realizarse por calquera das seguintes vías:

a. A través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia, procedemento [PR004A](#). Neste caso, dirixirá a solicitude ao departamento territorial da consellería correspondente á súa provincia, especificando no asunto o motivo da dita solicitude (Oferta de emprego_Garantía Xuvenil 2026), así como a oficina de emprego na que vai realizar a selección, á que o departamento territorial reenviará a documentación a través do Rexel

b. A través de correo electrónico, dirixido á oficina de emprego que vaia a realizar a selección.

O directorio de oficinas de emprego e os seus datos de contacto está dispoñible no seguinte enlace: <https://emprego.xunta.gal/portal/es/buscador-oficinas.html>

3º. A oferta deberá tramitarse pola oficina pública de emprego que corresponda ao enderezo do centro de traballo do posto ofertado.

Se a entidade local dispón de centros de traballo que se corresponden co ámbito territorial de máis dunha oficina de emprego, poderá concentrar a tramitación das ofertas na oficina á que lle correspondan máis postos de traballo ofertados, de ser o caso.

4º Presentarase unha oferta por cada categoría profesional dentro de cada ocupación, que deberá responder á codificación prevista no Catálogo nacional de ocupacións (CNO), e aos perfís profesionais concedidos nas respectivas resolucións de concesión.

A oferta, na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios establecidos no punto primeiro desta instrución. Deberá utilizar unha linguaxe inclusiva, coa eliminación de estereotipos de xénero.



Non poderá incluírse nin admitirse como criterio de emparellamento a posesión de experiencia laboral.

Poderán admitirse como criterios de emparellamento os relativos a titulación, formación e outro tipo de coñecementos, sempre que estean xustificadas no expediente de solicitude e sexan coherentes coa resolución de concesión.

5º. Poderán utilizarse **ofertas especiais con vinculación nominal de persoas candidatas**, sempre que as persoas candidatas cumpran os requisitos establecidos na Orde de convocatoria.

6º. O número de persoas candidatas que as oficinas de emprego proporcionarán por posto de traballo ás entidades beneficiarias será, sempre que sexa posible, non inferior a dúas nin superior a dez, agás que a entidade xustifique documentalmente a súa necesidade por incumprimento dos requisitos da oferta, por rexeitamento voluntario ou incomparecencia das remitidas.

7º. A oficina de emprego remitirá o currículo das persoas candidatas dispoñibles, por medio de correo electrónico.

Do mesmo xeito, a xestión de incidencias (xustificación e solicitude de máis persoas candidatas, cambios de ocupación debidamente autorizados polo Servizo de Programas de Cooperación da Subdirección Xeral de Emprego...), efectuarase igualmente por medios electrónicos.

8º. Se as entidades locais beneficiarias non conseguen cubrir algún dos postos de traballo concedidos poderán substituílo por outro CNO dentro do mesmo grupo de cotización ao inicialmente concedido. Para isto, deberán solicitar o cambio de CNO por sede electrónica (sede.xunta.gal), achegando unha memoria xustificativa do dito cambio, asinada pola persoa representante legal, na que figuren as razóns que o motivan.

Se o grupo de cotización no que se encadra o novo CNO é inferior, procederase á minoración correspondente do importe concedido .

En ningún caso se poderá producir un incremento da subvención concedida, debendo facerse cargo a entidade local beneficiaria dos sobrecostos que estas modificacións leven aparelladas.

Ao tratarse dun programa encadrado no marco das políticas activas de emprego, no proceso de selección seguiranse os criterios establecidos polo Servizo Público de Emprego para a cobertura de ofertas de emprego, polo que non será aplicable a normativa



establecida para os procedementos de selección do persoal das distintas Administracións Públicas.

As entidades locais beneficiarias non poderán esixir o pagamento de cantidades, por ningún concepto, ás persoas candidatas a seleccionar.

As persoas mozas traballadoras seleccionadas non se considerarán incluídas nos correspondentes cadros de persoal ou relacións de postos de traballo e, consecuentemente, non será precisa oferta de emprego público previa.

9º. A entidade local deberá notificar á correspondente oficina de emprego a selección definitiva das persoas mozas, ben por correo electrónico ou a través da sede electrónica, e proporcionará á entidade local beneficiaria un código identificador da oferta que deberá empregar na comunicación obrigatoria da contratación a través da aplicación Contrat@.

10º. Efectuada a selección das persoas mozas traballadora na forma prevista no artigo 29 desta orde, a entidade local beneficiaria procederá a súa contratación utilizando a modalidade de contrato temporal. Empregarase o modelo de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, tendo en conta que, en todo caso, os contratos deberán formalizarse no prazo e nos termos establecidos na resolución de concesión da subvención e con anterioridade á finalización do prazo previsto no artigo 17.3 **(30 de outubro de 2026)**.

Excepcionalmente, cando concorran causas debidamente xustificadas, a persoa responsable da Secretaría xeral de Emprego e Relacións Laborais poderá autorizar o inicio da obra ou servizo con posterioridade ao prazo establecido na resolución de concesión e, en todo caso, dentro do exercicio 2026, logo da solicitude para o efecto da entidade local beneficiaria.

11º. Os contratos de traballo subscritos coas persoas mozas traballadoras seleccionadas deberán comunicarse, necesariamente, a través da aplicación CONTRAT@, **na modalidade de cláusulas específicas de contratos vinculados a políticas activas de emprego, debidamente formalizados (código 405).**

12º. As entidades locais beneficiarias darán de alta na Seguridade Social as persoas contratadas no código de conta de cotización que corresponda, asumirán a súa condición de empregadoras respecto das persoas mozas traballadoras contratadas e o compromiso de cumprir coa normativa laboral.



13º. As entidades locais beneficiarias comunicarán á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais o comenzo dos contratos no prazo máximo de dez días hábiles dende o devandito inicio, con indicación do número de persoas mozas contratadas, e presentará a documentación xustificativa recollida no artigo 33.

14º. Con carácter xeral, cando se produza a extinción do contrato antes de que remate o período de tempo tomado como referencia para o cálculo da subvención, a entidade local beneficiaria poderá contratar outra persoa en substitución daquela que causou baixa durante o tempo que reste para que remate o período subvencionado, sempre que a contratación se produza dentro dos 30 días seguintes ao da baixa na Seguridade Social da persoa inicialmente contratada. Permítese unha única substitución.

No suposto de baixas temporais que se preveja que sexan de duración superior a 30 días, a substitución só será posible logo de comunicación á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais e neste caso debe utilizarse o modelo de contrato 410 – cláusulas específicas para substitución de persoa traballadora.

A selección da persoa substituta levarase a cabo a través da correspondente oficina do Servizo Público de Emprego de Galicia, agás que se trate de persoas candidatas remitidas por este na oferta inicial e cumpran os requisitos da orde de convocatoria no momento da súa contratación.

A nova contratación deberá cumprir os requisitos exixidos nesta orde de convocatoria para a contratación inicial subvencionada e deberá ser notificada nun prazo máximo de 15 días desde que se produza, á Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, indicando a causa da baixa da anterior persoa traballadora que motiva a substitución.

No caso de que o contrato subvencionado se extinga antes de nove meses por baixa voluntaria da persoa traballadora, e a entidade local beneficiaria opte por non substituíla, procederá a devolución da parte proporcional da axuda recibida con carácter voluntario, sen o requirimento previo da Administración, conforme ao disposto no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

14º. A devolución da axuda farase mediante o ingreso na conta do Tesouro ES82 2080 0300 8731 1006 3172, en concepto de devolución voluntaria da subvención. En todo caso, a entidade local beneficiaria deberá achegar ante o órgano concedente, copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe, o número do expediente e a denominación da subvención concedida.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN



Cofinanciado pola
Unión Europea



Fondos Europeos

O secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais

PV (DAd 2ª do Decreto 147/2024, do 20 de maio, DOG nº 101, do 27 de maio)

A directora xeral de Formación e Cualificación para o Emprego

Zeltia Lado Lago

Xacobeo  2027

